

**ADDENDA AO CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO AS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E O CONCELLO DE CEE**

A Estrada, na data da sinatura dixital

**REUNIDOS**

DUNHA PARTE, D. Diego Calvo Pouso, Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e Presidente do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública, actuando en nome e representación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en virtude das competencias que ten atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no artigo 8 da Lei 1/2007, do 5 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública e no artigo 2.2. do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de Policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.

DOUTRA PARTE, Margarita Lamela Louzán, titular da Alcaldía-Presidencia do Concello de Cee, actuando en nome e representación deste en virtude das competencias que ten atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Recoñecéndose ambas as dúas partes con capacidade e representación legal suficiente para o outorgamento desta addenda,



## EXPOÑEN

1. Con data 05/07/2021 a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (actual Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e o Concello de Cee asinaron un convenio de colaboración para asunción pola Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvementos dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás prazas de auxiliares da policía local. A cláusula oitava do dito convenio prevía que o mesmo tivera unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse, de forma expresa para outro período de igual duración (4 anos) de común acordo polas partes.
2. Con data 05/04/2024, foi asinada unha addenda a este convenio, pola cal se modificou o apartado primeiro da cláusula primeira do convenio, que quedou redactada do seguinte xeito: *Este convenio ten por obxecto instrumentar a delegación polo Concello de Cee na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso á categoría de policía do seu corpo de policía local e as prazas de auxiliares de policía local*, consecuentemente foron modificados tamén o apartado segundo desta cláusula:

*En virtude da devandita delegación, a Administración xeral da Comunidade Autónoma asume durante o período ao que se estende a vixencia deste convenio a convocatoria e desenvolvemento de todos os procesos de acceso para as prazas da categoría de policía do seu corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local, segundo as necesidades de persoal que lle sexan comunicadas polo concello na forma e prazos establecidos no presente convenio e demais normativa de aplicación.*

2. Con data 20/06/2025 o Concello de Cee interesa á Academia Galega de Seguridade Pública a prórroga do dito convenio para seguir contando coa asunción por parte da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso á categoría de policía e as prazas de auxiliares de policía local.



3. Co fin de estudar a proposta do Concello de Cee con data 23/06/2025 reúnese a comisión de seguimento do convenio prevista na súa cláusula sétima, integrada por dous representantes do Concello de Cee e dous representantes da Academia Galega de Seguridade Pública e propuxo a formalización dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 05.07.2021 entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (actual Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e o Concello de Cee para a asunción por parte da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás prazas de auxiliares de policía local.

As partes reunidas

### **ACORDAN**

#### **PRIMEIRO. Vixencia do convenio**

Modifícase o prazo establecido na cláusula oitava do convenio, previo acordo escrito das partes, ata completar un período adicional de catro anos máis desde a data de sinatura desta addenda.

#### **SEGUNDO. Publicidade.**

1. En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da devandita subscripción cos seguintes datos básicos:
  - a. Identificación das partes que interveñen.
  - b. Importe do financiamento.
  - c. Data da sinatura.
  - d. Finalidade.
  - e. Período de vixencia.



2. A sinatura desta addenda implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e publicidade referida no número anterior.

As partes asinantes da addenda manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións que contén, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

En proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente documento, na data da sinatura dixital

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes e  
presidente do Consello Reitor da Academia Galega  
de Seguridade Pública

A alcaldesa do Concello Cee

Diego Calvo Pouso

Margarita Lamela Louzán

